



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2010

Ás 10:00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#)

Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados nas últimas sesións da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE) e do Consejo de Universidades, realizadas o pasado día 22 de febreiro, singularmente en todo o relativo ás iniciativas lexislativas que están en curso, tales como o borrador da Lei da ciencia e o borrador dos títulos oficiais de doutoramento. Logo de aclarar que o documento de gobernanza que se deu a coñecer a través de diversos medios de comunicación non é da CRUE, o Sr. Reitor céntrase en cuestións relacionadas co Sistema Universitario de Galicia (SUG), dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos acordos acadados polas tres universidades galegas a respecto dos Campus de Excelencia Internacional, en que a Universidade da Coruña vai presentar o seu propio proxecto, e a respecto tamén do novo marco de colaboración da docencia do Grao en Medicina.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno dos informes recibidos dos anos sabáticos concedidos, que poden consultar todos os membros da comunidade universitaria, e das prazas convocadas polo procedemento de urxencia desde a última sesión do Consello de Goberno, que figuran no [anexo II](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, que informa da II convocatoria do programa *docentia*, en que se integran as modificacións realizadas en sesión anteriores deste Consello de Goberno, sinalando cando remata o prazo de presentación de solicitudes.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, que informa que en breve van ser ditadas unhas instrucións



polas que se efectúan modificacións e aclaracións ás instrucións do 30 de marzo de 2009, sobre as probas de avaliación e as actas de cualificación dos estudos de grao e mestrado, que serán enviadas aos centros para coñecemento da comunidade universitaria.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo III](#). Igualmente, informa que no seo da CRUE se está a debater un documento sobre financiamento a que a UDC presentou alegacións en defensa da filosofía que vén mantendo, baseada nos principios de calidade, suficiencia, equidade e eficiencia. E por último, informa igualmente de que se acadou unha prórroga para a xustificación do financiamento para o Parque Tecnolóxico que remataba o pasado ano. Pola contra, no caso da Unidade Mixta de Investigación da Madeira, o atraso da empresa construtora levou a superar o prazo de execución marcado no convenio en que a Xunta de Galicia financiaba o investimento, pero estase a negociar unha prórroga.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente, quen informa de que, en diversas reunións mantidas coa Xunta de Persoal Funcionario (PAS), chegaron aos acordos que se recolleron nos correspondentes documentos de acordo asinados polo reitor, a Xunta de Persoal e distintas centrais sindicais, sinaladamente a sinatura dun acordo que recolle o calendario de execución da RPT 2009 de PAS funcionario, e a correspondente oferta de emprego pública, enviada xa para a súa publicación no DOG; e a sinatura dun acordo polo que se aproba o aboamento dunha gratificación para funcionarios da UDC que se xubilán aos 65 anos. Tamén lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da publicación de modificacións que afectan a instrucións de xestión de persoal funcionario, actualmente vixentes, que son a modificación da Instrución pola que se regula a concesión de comisións de servizos (afecta a aspectos de xestión). Na súa intervención indica igualmente que, en execución do acordo de mobilidade interuniversitaria do PAS funcionario das universidades galegas, a UDC puxo a disposición das outras dúas universidades galegas as 2 prazas correspondentes ao ano 2009, habida conta que só hai unha solicitude de mobilidade, unha destas prazas sae coa oferta pública de emprego que se publicará en breve. A USC pon tamén a disposición do acordo as 2 prazas que lle corresponden, polo tanto haberá mobilidade para dous funcionarios da UDC que desexan ir á USC e que ocupan os dous primeiros postos da correspondente listaxe. Con respecto á Universidade de Vigo sinalase que



non ten dispoñibilidade neste momento para pór a disposición do Convenio as dúas prazas que lle corresponden, polo que quedan pendentes. Por último, sinala que se veñen tendo dúas reunións semanais entre a Xerencia e o Comité de Empresa, en que se está traballando na RPT do PAS laboral e de xeito paralelo nas convocatorias que supoñen a execución da RPT vixente neste momento (2005).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, que informa da convocatoria de axudas para a realización de cursos de verán e do prazo para a entrega das solicitudes. Finaliza a súa intervención dando conta do envío aos centros de cortinas con fondo de pantalla para realizar todo tipo de actos e vídeos promocionais da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da relación de cesamentos e nomeamentos que figura no [anexo IV](#).

2. Aprobación, se proceder, das actas da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2009 e das sesións extraordinarias do 22 de decembro de 2009 e do 27 de xaneiro de 2010

Apróbanse, por asentimento, as actas da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2009 e das sesións extraordinarias do 22 de decembro de 2009 e do 27 de xaneiro de 2010, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 38 convenios que figuran no [anexo V](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (3), convenios específicos (19) e convenios para prácticas (16) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.



4. Modificación dos criterios de clasificación de publicacións periódicas no baremo de produción científica da UDC

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación dos criterios de clasificación de publicacións periódicas no baremo de produción científica da UDC que figura no [anexo VI](#). Sinala que é necesario adaptar a clasificación de revistas do actual baremo debido a que a clasificación aplicada ás áreas de sociais e humanidades se basea na realizada polo UCUA, xa desaparecida, e o CARHUS, profundamente modificado, por esta razón é momento de buscar outros referentes e adecuar esta clasificación á realidade actual da ciencia nos seus distintos ámbitos.

Apróbase por asentimento a proposta de modificación dos criterios de clasificación de publicacións periódicas no baremo de produción científica da UDC.

5. Modificación do Regulamento para o recoñecemento de grupos de investigación da UDC

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da proposta de modificación do Regulamento para o recoñecemento de grupos de investigación da UDC, que figura no [anexo VII](#). Trátase dun conxunto de modificacións que traen causa da necesidade de facilitar a súa aplicación e de aclarar as dúbidas xurdidas na súa interpretación e aplicación. Remata a súa intervención dando conta dos cambios propostos, que afectan substancialmente a cuestións tales como a definición de grupo de investigación, os membros do grupo e o catálogo de investigación da nosa universidade.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín e o Sr. González López, apróbase por asentimento a citada proposta de modificación do Regulamento para o recoñecemento de grupos de investigación da UDC, que figura no citado anexo.

6. Permisos e licenzas

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta das solicitudes de licenza para os efectos de docencia e investigación,



que figuran no [anexo VIII](#) e que contan co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Apróbanse por asentimento as solicitudes en cuestión.

7. Prazas de promoción de persoal docente e investigador acreditado

O Sr. Reitor dálle a palabra Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da proposta de dotación de seis prazas de catedrático de universidade, ao abeiro do programa de promoción de profesorado acreditado, que figura no [anexo IX](#) e que conta co informe favorable da Mesa Sindical e da COAP. Apróbase por asentimento esta proposta de dotación de prazas de promoción de persoal docente e investigador acreditado.

8. Prazas de profesorado

Logo de se retirar a Sra. Vicerreitora de Investigación da sala en que se está a realizar a sesión do Consello de Goberno, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da relación de prazas de PDI funcionario e de PDI contratado que figura no [anexo X](#), que contan co informe favorable da Mesa Sindical e da COAP. Apróbase por asentimento a relación de prazas en cuestión.

9. Tribunais de prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen sinala que a aprobación de prazas de profesorado dos dous puntos anteriores desta orde do día trae como consecuencia a necesidade de proceder tamén a aprobar as correspondentes propostas de tribunal, que son as que figuran no [anexo XI](#) e que contan cos informes preceptivos. Apróbase por asentimento a relación de tribunais de prazas de profesorado que figura no mencionado anexo.

10. Venias docentes

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta das dúas solicitudes de venias docentes para o curso académico 2009/2010 que figuran no [anexo XII](#) e que contan cos informes preceptivos. Apróbanse por asentimento as venias docentes en cuestión.



11. Cambio de dedicación

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da solicitude de cambio de dedicación que figura no [anexo XIII](#) e que conta cos informes preceptivos. Apróbase por asentimento o cambio de solicitude en cuestión.

12. Resolución da impugnación dunha acta de Xunta de Centro

Logo da información ofrecida polo Sr. Secretario Xeral sobre este punto concreto da orde do día acórdase, por asentimento, desestimar o recurso polo que se impugnan as actas das sesións da Xunta da Escola de Relacións Laborais de Ferrol, aprobadas por acordos do dito órgano do 23 de abril de 2009 e do 13 de maio de 2009, nos termos que figuran no [anexo XIV](#).

13. Resolución do recurso dun título propio

Logo da información ofrecida pola Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, apróbase por asentimento desestimar o recurso polo que se impugna o acordo que adoptou a Comisión de Estudos Propios de Posgrao da Universidade da Coruña de informar desfavorablemente a solicitude de renovación do estudo propio Mestrado en Xestión Integrada de Calidade, Medio Ambiente e Prevención de Riscos Laborais e cursos derivados, nos termos que figuran no [anexo XV](#).

Logo desta aprobación ábrese unha quenda de intevencións en que participan o Sr. Casabella López e o Sr. González López.

14. Titulacións

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta das propostas de grao para o curso académico 2010-2011 da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que figuran no [anexo XVI](#).

Logo de informar do procedemento seguido para elaborar estas propostas, ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín e o Sr. Casteleiro Maldonado.



Apróbase a proposta de grao que figura no citado **anexo XVI**, coa abstención do Sr. Delgado Martín polas razóns que figuran na acta desta sesión.

15. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral. Logo de explicar a proposta de modificación parcial do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito que figura no [anexo XVII](#) e que trae causa de necesidade de axustar formalmente este regulamento á reforma dos Estatutos da Universidade da Coruña, ábrese unha quenda de intervencións en que participan a Sra. González Martínez e o Sr. González Santos.

Apróbase por asentimento a modificación en cuestión cos votos en contra da Sra. González Martínez, do Sr. Fernández López, do Sr. Portela Fernández, do Sr. Fernández García e da Sra. Fernández Miraz.

16. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Sánchez García, quen demanda a reparación das pingueiras do Pavillón de Deportes de Elviña e se interesa polo nivel de estudos de idiomas estranxeiros requirido no Mestrado de Educación Secundaria.

Toma a palabra a Sra. Fernández Miráz, quen presenta unha queixa polo funcionamento defectuoso do servizo de envío de notas a través do SMS (*Short Message Service*) e se interesa polas razóns do cobramento das impresións, que deberían ser gratuítas. En resposta, tanto a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías como a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais sinálanlle que o envío de notas por SMS depende de que o propio profesorado introduzas as cualificacións e que a gratuidade das impresións xa se dá nas aulas Net e só aquí.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, quen se interesa pola aplicación das instrucións polas que se efectúan modificacións e aclaracións ás instrucións do 30 de marzo de 2009, sobre as probas de avaliación e as actas de cualificación dos estudos de grao e mestrado e a súa aplicación retroactiva. Tamén se interesa pola listaxe de agarda e pola execución da Relación de postos de traballo do funcionariado. En resposta, a Sra.



Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indícalle que se trata de instrucións aclaratorias dunhas anteriores que xa se enviaron e cuxa aplicación suscitou algunhas dúbidas que se pretenden resolver con certos cambios, que non implican necesariamente retroactividade, pois hai que estar a cada caso en concreto. Tamén intervén a Sra. Vicexerente para lle indicar que se están a tomar todas as medidas para proceder á execución da parte que falta da Relación de postos de traballo e que xa hai unha proposta para modificar o sistema actual de listaxes de agarda, que se está a estudar. Toma de novo a palabra a Sra. González Martínez para incidir na idea de que tales cambios nas instrucións non deberían implicar cambios nos apartados de cualificacións de non presentado e suspenso, dado que non se trata dunha cuestión menor polas súas consecuencias prácticas. Remata a súa intervención demandando que o proceso de recoñecemento de créditos remate nos prazos establecidos para garantir o cobramento das cantidades cando así corresponda.

Toma a palabra o Sr. Fernández López para insistir en que se remate coa situación de interinidade ou provisionalidade que se rexistra na Xerencia da Universidade da Coruña.

Toma a palabra o Sr. Portela Fernández, quen comeza a súa intervención realizando unha serie de consideracións sobre a información que se recibiu por distintos medios dos temas tratados na última sesión da CRUE, especialmente os relacionados co sistema de elección do reitor e coa documentación sobre gobernanza das universidades, que aquí non se coñece directamente, a diferenza da Universidade de Vigo. Sobre estas cuestións, o Sr. Reitor insiste en que non se trata de documentos da CRUE e aproveita para indicar tamén que non comparte a filosofía de tales documentos. O Sr. Portela Fernández tamén repara na necesidade de actualizar as listaxes de agarda, a que lle contesta a Sra. Vicexerente que se está sobre o asunto e que se actualizan por chamamento, indicando que se xa ditaron as correspondentes instrucións para tales efectos, quedando por actualizar as dos auxiliares de servizos. Logo de reiterar a necesidade de resolver a situación da Xerencia da Universidade da Coruña, que non conta con todos os medios persoais para poder atender toda a carga de traballo que ten, o Sr. Portela Fernández interésase pola situación actual da Oficina de Software Libre, a que lle contesta a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías que xa está formalizado o convenio e que só falta que sexa asinado. Remata a súa intervención o Sr. Portela Fernández pedíndolle ao Sr. Reitor que se resolva a situación das persoas expropiadas pola



ampliación do campus de Elviña, especialmente en todo o relacionado co seu dereito ao realoxamento, na medida en que a Universidade é beneficiaria das actuacións que se están a levar a cabo, e tamén solicitando información sobre os criterios de repartición das achegas económicas que lles van ser entregadas ás universidades por parte da Xunta de Galicia. En relación coa situación das persoas expropiadas, o Sr. Secretario Xeral dálle conta dos distintos procesos de expropiación que están abertos, que son o do Parque Tecnolóxico e o da área residencial, sinalando que a Universidade da Coruña puxo de manifesto que se comprometía a adoptar as medidas necesarias para garantir o realoxamento das persoas afectadas, en especial as da expropiación ocasionada polo Parque Tecnolóxico, dado que a Universidade da Coruña sería a propietaria legal dos terreos expropiados. Logo de indicar o Sr. Secretario Xeral que nestes procesos a Universidade da Coruña non está a recibir todo o apoio institucional necesario, toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para lle indicar que oficialmente non hai nada sobre o tema das achegas económicas por I+D+I, nin tampouco sobre os criterios de repartición.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera moi positivo o proxecto co que se vai presentar a nosa universidade á próxima convocatoria do Campus de Excelencia Internacional e solicita que participen todos os membros da comunidade universitaria implicados se o tema do proxecto é a sustentabilidade.

Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde para poñer de manifesto que na produción científica non se valoran as publicacións en editoriais do noso ámbito xeográfico máis próximo, que é algo que impide o incremento da investigación e o labor de difusión científica de certas editoriais. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación indícalle que non se fai nada disto, pois téñense en conta todas as editoriais, valorándose todos os traballos pola súa calidade, e que hai que diferenciar entre editorial e copistaría, que é o que non se fai e logo dá lugar a malentendidos.

Toma a palabra o Sr. González López, quen se interesa polo pagamento das axudas de custo de quilometraxe que corresponden polos desprazamentos de Ferrol á Coruña e da Coruña a Ferrol.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Nogueira López, quen se interesa polo sistema de información de convenios que está publicado na páxina web da nosa universidade, poñendo de manifesto que non sempre figuran



todos os convenios a texto completo, e igualmente polo coñecemento da estimación da tendencia de matrículas. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que o sistema de información de convenios da nosa páxina web complementa os sistemas tradicionais de información que xa existen, que é un sistema que se vai implantando pouco a pouco, por esta razón non sempre figuran todos os convenios a texto completo, e que o sistema de información permite en todo caso a identificación do convenio para que, tras unha petición, sexa enviado pola Secretaria Xeral á persoa que así o solicite.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 h.

Visto e prace

O secretario xeral
Xosé Manuel Carril Vázquez

O presidente
José María Barja Pérez